

A AUDICIÓN RADIAL "RECORDANDO A GALICIA"

Desde hai varias semanas, co motivo do peche de Rádio Ribadavia, deixou de funcionar en Buenos Aires a audición "Recordando a Galicia", de longa e eficaz actuación na nosa colectividade. Aínda vivía Castelao cando comezou dita empresa, e ele foi un dos seus entusiastas e primeiros colaboradores, pois iniciábase baixo o signo do galeguismo fervoroso que desde aquela a distinguiu.

Os seus directores primeiros, os seus fundadores, foron a actriz Maruja Boga e o locutor Arostegui, o autor galego "Tacholas" e o dinámico eficaz dirixente do Centro Ourensán, Enrique González. Anos máis tarde ficarían unicamente na súa dirección Maruja Boga e Arostegui. Tacholas abandonou o primeiro a equipa de "Recordando a Galicia", apremiado por solicitudes profesionais, e Enrique González máis tarde, porque pasou a desenvolver as súas actividades comerciais no sul arxentino. Maruja Boga, Tacholas e Enrique González consolidaron o seu prestixio na colectividade galega como actores de "Os vellos non deben namorarse", dirixidos polo propio Castelao, representando cada un deles papeis que, pasando o tempo, resultan inesquencíbeis. Nos tres e en Arostegui uníu-se, en "Recordando a Galicia", as condicións artísticas e intelectuais, o seu fondo fervor galego, aínda tendo nacido nesta república, excluindo o caso do ourensán Tacholas.

Eran tres galegos nascidos na Arxentina xunto co notábel actor nacido en Galicia quen semanalmente ían revelar aos rádio-ouvintes o prodixioso mundo galego e o seu martirio secular producido polo centralismo e a incompreensión política. A colectividade debe-lle moito a este tipo de patriotas. Por eles, tanto como por outras xentes e órganos de opinión en Buenos Ai-

res, Galicia ven ocupando un lugar destacado na atención pública porteña.

Cada audición constitui un chamamento ás conciencias galegas. A alerta necesaria para que ninguén se chamara a engano sobre o presente de Galicia. É difícil comprender, polos alleos ao xornalismo radial, o traballo que significa suster con éxito a atención durante anos dos rádio-ouvintes e o desinterés que significa consagrar ese esforzo a unha causa patriótica na que redactores e locutores deven dirixir-se por igual ao sentimento e a intelixencia do auditor non tratando de enché-lo dese xénero de estupefacientes que constituen a maioría dos textos que se propagan polas emisións radiais.

Todos podemos fazer memoria e lembrar audicións exemplares de "Recordando a Galicia". Por iso doi-nos seu silencio actual e queremos destacá-lo cando aínda parece que Rádio Ribadavia non atopou solución para o grave momento polo que pasa. Calquera sexa o delito cometido polas súas autoridades, suposta existencia do delito, fixeron-se calar voces independentes e necesarias, como as de "Recordando a Galicia", alleas completamente á actividade política dos propietarios e directores de dita emisora.

Voces como esas de "Recordando a Galicia", desinteresadas e nobres, adicadas a un ideal xeneroso e ben alleas ademais ao partidismo circunstancial do instante político que vive a Arxentina. É seguro que isto mesmo ocorre con algunhas outras seccións que por ela se propagaban periodicamente e é este un problema ao que deberan atender as autoridades nacionais se non queremos ser inxustas cos intereses de toda índole dunha parte do povo que gobernan.

O peche total dunha emisora afecta a mui diversos intereses dos cuais non son os menos importantes os de índole espiritual. Nós non imos a nos referir á liberdade de prensa, nen á de opinión, pois non é este o lugar nen o destino que fixamos a "Galicia Emigrante" desde a súa constitución, misturando-nos en problemas que sexan alleos a Galicia. Pero por Galicia, e por calquera país, podemos referir-nos a esa liberdade de prensa que ven significar só a liberdade de opinión dos propietarios das grandes empresas noticiosas internacionais.

Todo o mundo coñece esa contradicción da nosa época. Grupos de editores tratando de desorientar con telegramas fraguados e comentários insidiosos as conviccións mais arraigadas dos seus povos. Xentes que, en virtude de intereses mesquiños, admiten que nas columnas dos seus xornais, xornalistas interesados de outras pátrias, inxúrien a súa propia estirpe. Campañas moralizadoras nas páxinas de editoriais que se contradín coas fotografías mais obscenas dos anúncios das súas páxinas de espectáculos, que naturalmente cobran.

Libertade de prensa e de opinión para unha maioría, para aqueles que non afecten coa súa actitude e pensamento os intereses da minoría. Upton Sinclair, o gran escritor norteamericano, publicou hai moitos anos un libro que titulou "A ficha de bronce", onde estudia este problema do mundo actual. Sabe-no moi ben as xentes honestas que viviron en carne propia a guerra de España. Coñeceron a información inventada nas mesas de redaccións de todas partes, os comentários mal intencionados, a mentira ao servizo duns poucos intereses tratando de torcer a moral popular. Mais isto, xa o temos dito, non é a cuestión que agora tratamos.

Á colectividade galega afecta-lle a situación de Rádio Ribadavia através do silencio dunha das súas audicións mais consagradas, "Recordando a Galicia". Non entramos a analizar as razóns que fixeron suspender esta emisora, aínda que tamén sexa cuestión nosa na que todos debéramos ter opinión, senón en canto nos afecta por deixar-nos sen un órgano de expresión fundamentalmente galego que nós respetamos pola súa historia e polo seu desexo de verdade.

Poden estar seguros Maruja Boga e Arostegui que, quen fan "Galicia Emigrante", estamos ao lado deles e que a nosa voz se sente afectada polo silencio que as circunstancias lles impoñen. Nós e eles somos o verdadeiro xornalismo libre, pobre, honesto e independente. Xornalistas como o foi Castelao, un dos primeiros colaboradores, como expresamos, en "Recordando a Galicia"; que non vendimos plumas nen vozes e mantivemos en alto sempre a bandeira da causa popular en Galicia. Eles, Maruja Boga, Arostegui, como Enrique González e Tacholas antes, e tantos xornalistas de audicións similares a estas, ou de semanários de pequena tiraxe, temo-nos habituado a seleccionar a noticia oculta ou trocada

das grandes axéncias noticiosas e dos grandes xornais para fazer o noso comentáριο referido a Galicia e integramo-nos cos numerosos *Davide* do mundo que se enfrentan aos *Goliat* do terror e a mentira.

O noso labor, o deles e o noso, é posibel que fique anónimo, pero en todo caso servirá para fazer a historia mais viva de cada país, a que se consustancia coa alma do povo, equivalente a unha canción ou unha lenda, e ficará-nos para sempre, como pago, o orgullo persoal de té-lo realizado. De termos sido utéis a unhas causas que non renden beneficios espúreos, nen son malditas nas suas fins.

8-X-61

Seoane, Luís, "A audición radial 'Recordando a Galicia'", en *Escolma de textos da audición radial de Luis Seoane 'Galicia Emigrante' (1954-1971)*. Sada (A Coruña), O Castro, 1989, pp. 167-169. (Edición Braxe, L. e Seoane, X.)